

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO

Orde do 9 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (Código de procedemento IN223A)

TEXTO

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma, segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización e o desenvolvemento do comercio e a programación e a xestión de axudas destinadas a estes fins, así como a reforma, a coordinación e mellora das estruturas comerciais.

A adecuación e a mellora dos equipamentos públicos comerciais municipais constitúe un elemento clave para o desenvolvemento do comercio. A estes efectos, as actuacións desenvolvidas polos concellos no ámbito comercial resultan imprescindibles e, moi especialmente, nos mercados municipais que teñen unha singular significación por constituír espazos de centralidade comercial que, a miúdo, teñen a capacidade de xerar actividades complementarias ao seu redor, ao tempo que constitúen unha canle de comercialización moi

eficaz de produto fresco derivado do mar, a horta e a gandería. É preciso, polo tanto, adecuar estes espazos ás necesidades tanto dos/as comerciantes como das persoas consumidoras, dende o momento en que os mercados remodelados permiten consolidar unha forma de comercio de proximidade e rexenerar o entorno urbano das vilas e cidades.

Por outra parte, é fundamental aproveitar a situación estratéxica dos mercados e potenciar estes espazos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, vencellándoos ao entorno no que se integran, ao produto local e a valores como a sustentabilidade, a protección do medio ambiente, a calidade, o trato personalizado e o compromiso coa sociedade, así como mellorar a súa accesibilidade e acadar a súa modernización e dixitalización e incrementar os servizos que se prestan á clientela.

En consonancia con isto, por Orde do 4 de xaneiro de 2017 régulase o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 13, do 19 de xaneiro de 2017, e o seu outorgamento é a resposta aos retos de modernización e innovación aos que se enfrontan os nosos mercados e prazas de abastos.

Polo tanto, resulta oportuno establecer unha liña de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e as corporacións locais para posibilitar medidas e actuacións que sirvan para potenciar a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos co obxecto de impulsar a creación dunha rede de mercados excelentes, e as federacións e asociacións das prazas.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas cales se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos (código de procedemento IN223A).

Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2024.

2. A xestión destas subvencións realizarase polo procedemento de concorrência non competitiva ata o esgotamento do crédito, de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

3. Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito total de 1.280.000,00 € que será imputado da seguinte forma:

a) Concellos:

Destinarase un crédito total de 1.000.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 44.06.751A.761.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, cun límite de 200.000,00€ para as actuacións previstas no artigo 4, liña 1, apartado 1.1 (fase A). Non obstante, no caso de non esgotarse o crédito destinado ás restantes actuacións previstas no artigo 4, poderase ampliar o dito límite ata esgotarse o crédito restante. Así mesmo, no caso de non esgotarse o crédito destinado ás actuacións previstas no artigo 4, liña 1, apartado 1. 1 (fase A) poderá destinarse ao resto de actuacións.

b) Federacións e asociacións de prazas de abastos e mercados:

Destinarase un crédito total de 280.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 44.06.751A.781.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, do seguinte xeito:

Federacións de asociacións de prazas de abastos	35.000,00 €
Asociacións de prazas de abastos	245.000,00 €

4. Esta cantidade poderase incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

5. De existir remanente nunha aplicación orzamentaria, poderase reasignar a contía sobrante na outra aplicación. A reasignación levarase a cabo, logo da modificación orzamentaria pertinente, sen necesidade de facer unha nova publicación do importe dos créditos.

Artigo 2. Solicitudes

Para poder ser entidade beneficiaria da subvención deberá presentarse unha solicitude dirixida á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 10 das bases reguladoras.

Artigo 3. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houbera día equivalente ao da publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 4. Prazo de duración do procedemento de concesión

Unha vez recibidas as solicitudes, estas serán tramitadas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a catro meses contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo para resolver sen que se dite resolución expresa, as entidades interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As solicitudes presentaranse en prazo e cos requisitos establecidos nas bases reguladoras e nesta orde de convocatoria e resolveranse atendendo á súa prelación temporal ata o esgotamento do crédito, do cal se dará a correspondente publicidade.

Para os efectos da determinación da prelación temporal, a data a ter en conta será a data e hora de presentación da solicitude. No caso de que a solicitude requira subsanación, terase en conta a data e hora na que a entidade solicitante presente correctamente toda a documentación e a información requirida.

No caso de que máis dunha solicitude teña a mesma data de presentación, prevalecerá a solicitude cuxa data e hora de presentación fose anterior segundo conste no Rexistro Electrónico Xeral e, en último caso, prevalecerá aquela á que o sistema lle asignase automaticamente o número de entrada máis baixo.

As subvencións serán concedidas ata o esgotamento do crédito orzamentario de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A proposta de concesión formularase polo órgano instructor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos para conceder a subvención. Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación das solicitudes entre si, polo interese excepcional en promover actuacións que melloren as estruturas comerciais e dinamicen e revitalicen os mercados e prazas de abastos para incrementar a competitividade do comercio de proximidade, a incentivación do consumo e a satisfacción das necesidades da poboación, así como a xeración de puntos de atracción comercial nas cidades e vilas galegas.

Artigo 5. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 6. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 7. Información ás persoas interesadas

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN223A, poderase obter información a través dos seguintes medios:

1. Na guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal>.
2. Na páxina web oficial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
3. No teléfono 981 54 55 54 da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.
4. No enderezo electrónico dxc.axudas.comercio@xunta.gal.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

De acordo co establecido no artigo 14.1, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 8. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. Recursos

Contra a presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional única. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2024

José González Vázquez

Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

INSÍRASE

Joaquín Macho Canales

Secretario xeral técnico

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrancia non competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos (código de procedemento IN223A)

Artigo 1. Obxecto e réxime das subvencións

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto actuacións en mercados e prazas de abastos de Galicia que teñan concedido o selo de Mercado Excelente ou estean no proceso previo a súa obtención, así como a dinamización e revitalización das prazas de abastos e mercados de Galicia.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrancia non competitiva e quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (300.000 € nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 15.12.2023, Serie L).

De conformidade coa antedita normativa, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa non excederá os 300.000 € durante calquera período de tres anos. O concepto de única empresa inclúe a todas as empresas que teñan, polo menos, un dos seguintes vínculos entre si:

- a) Unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto de accionistas ou socios doutra empresa.
- b) Unha empresa ten dereito a nomear ou remover a maioría dos membros da administración, dirección ou control doutra empresa.
- c) Unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato celebrado con ela ou unha cláusula estatutaria da segunda empresa.
- d) Una empresa, accionista ou asociada a outra, controla en solitario, en virtude dun acordo celebrado con outros accionistas ou socios destes últimos, a maioría dos dereitos de voto das súas accionistas.

As empresas que manteñan algunha das relacións previstas nas letras a) a d) a través doutra ou doutras empresas tamén terán a consideración de empresa única.

3. Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos e os investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada.

En concreto, consideraranse subvencionables as actuacións previstas nos artigos 4, 5 e 6 destas

bases reguladoras, sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 15 de novembro de 2024.

Non obstante o anterior, en función da súa especial natureza e por ter unha continuidade ininterrompida no período de Nadal, consideraranse actuacións subvencionables as realizadas dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, pagados, operativos e verificables na data límite de xustificación das actuacións.

Artigo 2. Financiamento e concorrencia

1. Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito total de 1.280.000,00 € que será imputado da seguinte forma:

a) Concellos:

Destinarase un crédito total de 1.000.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 44.06.751A.761.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, cun límite de 200.000,00€ para as actuacións previstas no artigo 4, liña 1, apartado 1.1 (fase A). Non obstante, no caso de non esgotarse o crédito destinado ás restantes actuacións previstas no artigo 4, poderase ampliar o dito límite ata esgotarse o crédito restante. Así mesmo, no caso de non esgotarse o crédito destinado ás actuacións previstas no artigo 4, liña 1, apartado 1. 1 (fase A) poderá destinarse ao resto de actuacións.

b) Federacións e asociacións de prazas de abastos e mercados:

Destinarase un crédito total de 280.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 44.06.751A.781.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, do seguinte xeito:

Federacións de asociacións de prazas de abastos	35.000,00 €
Asociacións de prazas de abastos	245.000,00 €

2. A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

3. O importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas e subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do investimento subvencionable.

4. As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra da mesma ou distinta consellería para os mesmos conceptos subvencionables e a mesma persoa beneficiaria.

No caso de percibirse outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. A natureza destas subvencións xustifica realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes a elas, de ata un 50 % da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 12 destas bases reguladoras.

Artigo 3. Entidades beneficiarias

1. Poderán ser entidades beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases reguladoras:

a) Os concellos galegos que contén cun mercado co selo de Mercado Excelente outorgado de conformidade coa Orde do 4 de xaneiro de 2017 pola que se regula o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 13 do 19 de xaneiro de 2017), ou aqueles que estean no proceso para a súa obtención.

Os concellos deberán cumprir co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio nos termos previstos no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

b) As federacións e asociacións de vendedores das prazas de abastos, sen ánimo de lucro, que estean legalmente constituídas e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de asociacións de vendedores de prazas de abastos, o número de membros asociados deberá supoñer, como mínimo, o 50 % dos postos ocupados na praza de abastos. A estes efectos contarán como unha unidade os postos ocupados polo mesmo/a praceiro/a.

As federacións e asociacións deberán ter unha antigüidade mínima de tres anos na data de publicación desta orde e atoparse ao día na obriga de aprobación das contas anuais pola xunta directiva nos dous últimos exercicios previos a esta orde de convocatoria.

2. Non poderán acadar a condición de entidades beneficiarias aquelas nas que concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, non poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas en crise, conforme á definición prevista no artigo 2, número 18, do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE do 26 de xuño de 2014, L 187/1).

Artigo 4. Actuacións subvencionables para os concellos

1. Actuacións subvencionables.

Liñas de actuación		
Liña 1	Impulso dunha rede de Mercados Excelentes	1.1. Mercados e prazas de abastos con selo de Mercado Excelente
		1.2. Mercados e prazas de abastos sen selo de Mercado Excelente: - Actuacións fase A - Actuacións fase B
Liña 2	Equipamento comercial	
Liña 3	Eficiencia enerxética	

Liña 1. Impulso dunha rede de Mercados Excelentes.

Consideraranse subvencionables as actuacións en mercados e prazas de abastos de Galicia que teñan concedido o selo de Mercado Excelente ou estean no proceso previo á súa obtención. En concreto:

1.1 Actuacións subvencionables nas prazas de abastos que contén co selo de Mercado Excelente:

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos en mercados e prazas de abastos que teñan concedido o selo de Mercado Excelente de acordo coa Orde do 4 de xaneiro de 2017 pola que se regula o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, e que constitúan un valor engadido neles, debendo ter prioridade as actuacións que respondan ás observacións realizadas pola auditoría que se realice conforme ao artigo 5 da antedita orde.

Estas actuacións, se non foran aínda resoltas, deberán ser tidas en conta no conxunto das previstas na solicitude. Do contrario, deberá xustificarse na solicitude.

En todo caso, deberán incluír as accións de mentoring e as actuacións de formación dos/as praceiros/as establecidas na letra h) deste apartado.

En concreto, consideraranse actuacións subvencionables:

a) O acondicionamento das instalacións: mellora da imaxe, instalación de sistemas de

climatización, instalación de sistemas de illamento térmico e/ou acústico que reduza o impacto de ruídos e establecemento de sistemas de recollida de auga.

b) A creación e/ou mellora de servizos para a clientela: servizo de carros da compra, adecuación e/ou creación de zonas de descanso tales como espazos infantís, salas de lactancia e outros, creación dun servizo de reparto a domicilio con "persoal maker" e instalación de consigna frigorífica e de servizo de cociñado de produtos.

c) A creación e/ou mellora doutros servizos: instalación de pantallas de información, servizo automático de quenda, planos de situación do edificio "vostede está aquí" e rede Wifi.

d) A loxística e comercialización dos produtos: creación dun packaging sostible propio do mercado adecuado ás características específicas dos produtos, incluídos os sistemas de envasado ao baleiro.

e) A creación ou mellora de aparcadoiros para vehículos e/ou bicicletas, sempre que sexan contiguos ás instalacións do mercado ou praza de abastos.

f) As actuacións de conservación, mantemento, reposición e mellora das instalacións e dos equipamentos.

g) A adquisición de equipamento persoal dos/as praceiros/as coa imaxe común e corporativa do mercado, cun investimento máximo subvencionable de 6.000,00 €.

h) As actuacións formativas e de asesoramento dirixidas ao mentoring comercial, ao aumento da rendibilidade do punto de venda a través de técnicas de "visual merchandising", á colocación do produto e á atención á clientela, cun investimento máximo subvencionable de 5.000,00 €. Estas actuacións deberán recollerse nun proxecto que, en todo caso, concretará o número de horas, os obxectivos e os indicadores para a súa medición.

i) As campañas de dinamización comercial desenvolvidas no marco dun proxecto de incentivación do consumo ou de atracción de clientela, habitual ou potencial, que contén coa participación directa dos praceriros/as asociados/as e as persoas consumidoras, cun investimento máximo subvencionable de 10.000,00 €.

Os gastos subvencionables respecto a cada campaña son os seguintes:

- Os servizos profesionais externos para o deseño e a posta en marcha da campaña.
- O aluguer de medios técnicos (carpas e análogos, sonido e imaxe).
- Os seguros de responsabilidade civil derivados da campaña.
- A publicidade nos medios de comunicación (prensa, radio e televisión) directamente vinculada coa campaña.

- A publicidade e promoción en liña da campaña (web e redes sociais) cun investimento máximo subvencionable de 1.250,00 € .
- O material de promoción e difusión da campaña (cartelería, folletos, vídeos ou similar).
- Os regalos promocionais cun investimento máximo subvencionable de 1.250,00 €. En todo caso, os regalos promocionais deben estar asociados a unha actividade concreta de dinamización e vinculados a unha venda.

j) Deseño da imaxe corporativa do mercado.

1.2. Actuacións subvencionables nas prazas de abastos que non contén co selo de Mercado Excelente.

Consideraranse subvencionables as seguintes actuacións de preparación para a obtención do selo de Mercado Excelente:

1.2.1. Fase A. Concellos que non dispoñan dunha diagnose de situación e usos do mercado.

En concreto, consideraranse actuacións subvencionables:

- a) Accións de mentoring e actuacións de formación dos/as praceiros/as, cun investimento máximo subvencionable de 3.000,00 €. Estas actuacións deberán recollerse nun proxecto que, en todo caso, concretará o número de horas, os obxectivos e os indicadores para a súa medición.
- b) A elaboración, por unha empresa de consultoría especializada, da diagnose de situación e usos do mercado, cun investimento máximo subvencionable de 10.000,00 €.

A diagnose de situación e usos de mercado deberá incluír como mínimo os seguintes aspectos:

- Un estudo de mercado.
- Un estudo de impacto económico actual e potencial da praza de abastos na súa contorna.
- Unha recollida de percepcións e opinións sobre o mercado por parte dos/as praceiros/as e usuario/as.
- Unha descrición da oferta e a demanda, existentes e futuras, o nivel de ocupación e a diversidade, con inclusión dunha ficha individual dos postos activos do mercado así como as posibles actuacións de mellora do mesmo.
- Unha estratexia de optimización e redimensionamento de usos, no seu caso.
- Unha avaliación dos procedementos administrativos relativos á adxudicación dos postos do mercado.

- Unha análise DAFO.
 - Unha análise e proposta de actuacións necesarias para a obtención do selo de Mercado Excelente.
 - A cumplimentación, segundo a realidade existente, do anexo II (ferramenta de autoavaliación) da Orde do 4 de xaneiro de 2017 pola que se regula o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A elaboración da documentación técnica correspondente necesaria para levar a cabo, no seu caso, as actuacións necesarias para a obtención do selo de Mercado Excelente segundo as previsións da diagnose da situación e usos do mercado, cun investimento máximo subvencionable de 15.000,00 €.

En todo caso, será requisito obrigatorio realizar ou ter realizadas as actuacións das letras a) e b) para poder solicitar as actuacións da letra c) e será requisito obrigatorio ter realizadas as actuacións previstas nas letras a) e b) para poder solicitar as actuacións da fase B. A estes efectos teranse en conta as realizadas nos últimos 6 anos e coas características e o contido previsto nas letras a) e b).

Non obstante, no caso de ter realizada a diagnose con anterioridade á presente convocatoria, poderanse solicitar as accións de mentoring e as actuacións da fase B.

1.2.2. Fase B. Concellos que dispoñan dunha diagnose de situación e usos do mercado.

As actuacións desta fase deberán realizarse segundo as necesidades de adecuación e mellora previstas na ferramenta de autoavaliación contida no anexo II da Orde do 4 de xaneiro de 2017 e, no seu caso, na diagnose de situación e usos do mercado, realizada. En concreto, consideraranse subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Actuacións de rehabilitación e reforma construtiva do estado do edificio que sexan necesarias para acadar a puntuación máxima (24 puntos) no capítulo 1 (ferramenta de autoavaliación da arquitectura). En concreto:
 - Actuacións de rehabilitación e reforma da cuberta, fachadas e das estruturas.
 - Instalación e reparación de solos antideslizantes.
 - Acabados e actuacións de mellora dos interiores comúns e da homoxenización da imaxe.
- b) Actuacións para a mellora da calidade do aire e redución do impacto de cheiros, tanto de extracción natural como forzada.

- c) Actuacións en zonas de carga e descarga e adaptación de accesos.
- d) Rotulación dos postos.
- e) Posta en marcha e mellora de servizos para a clientela: consignas, aseos, espazos multifuncionais, puntos de información e oficina de atención e sinalización e rotulación xeral.
- f) Elaboración dun plan de xestión de residuos cun investimento máximo subvencionable de 4.000,00 €; instalación de ecopuntos, de sistemas de reciclaxe e de eliminación de residuos e recollida selectiva e residuos.
- g) Habilitación de postos para garantir o grao de diversificación da oferta.
- h) Elaboración da documentación técnica correspondente, os gastos de dirección obra e de coordinación de seguridade e saúde necesarios para levar a cabo, no seu caso, as actuacións subvencionables comprendidas nas letras anteriores, cun investimento máximo subvencionable de 15.000,00 €.

Liña 2. Equipamento comercial. Concellos que dispoñan dunha diagnose de situación e usos do mercado.

Considerarase actuación subvencionable a adquisición de equipamento comercial para uso dos/as praceiros/as que sexa indispensable para o desenvolvemento da súa actividade comercial. En concreto:

- A adquisición e instalación de equipos de frío industrial e outros equipos industriais ou tecnolóxicos.
- A adquisición e instalación de mostradores, vitrinas, expositores e taquillas refrixerados.

En todo caso, os equipamentos comerciais deberán instalarse fixados ao chan ou paredes excluíndose os de carácter portátil e contar coa máxima eficiencia enerxética dispoñible.

Os gastos subvencionables en adquisición de equipamento comercial requirirán, en todo caso, a realización da diagnose de situación e usos do mercado nos termos previstos na liña 1 apartado 1.2.1. letra b).

Liña 3. Eficiencia enerxética.

Considerarase actuación subvencionable a implantación de medidas para un consumo mais eficiente dos recursos enerxéticos. En concreto:

- A instalación de sistemas de iluminación enerxeticamente eficientes.

- A instalación de portas de acceso de apertura e peche automáticos e outras actuacións de illamento térmico.

2. Gastos e actuacións non subvencionables:

Con carácter xeral, non se considerarán subvencionables:

- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda, segundo o artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- As actuacións ou, no seu caso, os gastos asociados á actuacións que non inclúan a publicidade do financiamento do proxecto pola Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 20 e 21 destas bases reguladoras.
- Aqueles investimentos non incluídos na solicitude (anexo II e memoria) ou dos que non se presente a documentación económica completa de acordo co establecido no artigo 10 destas bases reguladoras.
- Os custos de adquisición de investimentos ou os gastos subvencionables superiores ao valor de mercado.

Así mesmo, non se considerarán subvencionables:

- a) Os custos relativos á adquisición ou aluguer de bens inmobles.
- b) Os gastos de persoal.
- c) Os custos relativos a obras de nova construción de mercados e prazas de abastos.
- d) Os agasallos promocionais, premios, trofeos, gastos de representación e a realización de recepcións e actos análogos.
- e) As campañas de dinamización e promoción do mercado agás o previsto na letra i) do punto 1.1 da liña 1.
- f) A adquisición de equipamentos comerciais portátiles tales como: os tallos e enxoval de traballo, o mobiliario, as máquinas procesadoras de alimentos, as envasadoras individuais facilmente trasladables, as balanzas e terminais de punto de venda.

Artigo 5. Actuacións subvencionables para as asociacións de prazas de abastos e mercados

1. Consideraranse subvencionables as actuacións de dinamización e revitalización das prazas de abastos e mercados desenvolvidas no marco dun proxecto de incentivación da demanda

comercial e do consumo no que as persoas comerciantes e consumidoras sexan as destinatarias finais.

En concreto, consideraranse actuacións subvencionables:

- a) O mantemento dos *marketplace* cun investimento máximo subvencionable de 1.500,00 €.

Os *marketplace* deben reunir as características técnicas e as condicións legais previstas no anexo VII e non estar integrados nunha plataforma conxunta ou compartida con outras entidades.

A participación nos *marketplace* dos/as praceiros/as non suporá ningún custo adicional para estes.

A totalidade dos/as praceiros/as adheridos/as ao marketplace deberán ter produtos dispoñibles e en stock actualizado para a venda.

- b) As campañas de dinamización comercial desenvolvidas no marco dun proxecto de incentivación do consumo ou de atracción de clientes, habituais ou potencias, que contén coa participación directa dos praceriros/as asociados/as e as persoas consumidoras.

Os gastos subvencionables respecto a cada campaña son os seguintes:

- Os servizos profesionais externos para o deseño e a posta en marcha da campaña.
 - O aluguer de medios técnicos (carpas e análogos, sonido e imaxe).
 - Os seguros de responsabilidade civil derivados da campaña.
 - A publicidade nos medios de comunicación (prensa, radio e televisión) directamente vinculada coa campaña.
 - A publicidade e promoción en liña da campaña (web e redes sociais) cun investimento máximo subvencionable de 1.250,00 € .
 - O material de promoción e difusión da campaña (cartelería, folletos, vídeos ou similar).
 - Os regalos promocionais cun investimento máximo subvencionable de 1.250,00 €. En todo caso, os regalos promocionais deben estar asociados a unha actividade concreta de dinamización e vinculados a unha venda.
- c) A fidelización de clientela a través das seguintes actuacións subvencionables:
- A loxística *e-commerce*: gastos de envío online realizados por empresas loxísticas externas dende o mercado ata o domicilio da clientela, cun investimento máximo subvencionable de 2.000,00 €. Os gastos de envío subvencionados non poderán repercutirse, en ningún caso, á clientela.
 - Os tickets de aparcamento que, en todo caso, deben estar vinculados a unha venda, cun investimento máximo subvencionable de 3.000,00 €.

- As APPs de fidelización (puntos de desconto ou similares), cun investimento máximo subvencionable de 2.000,00 €.
- d) O equipamento persoal dos/as praceiros/as coa imaxe común e corporativa do mercado, o equipamento dos postos e equipamentos comúns do mercado.
- e) Os gastos imputables ás unidades xerenciais derivados da formulación, execución e seguimento do proxecto obxecto da subvención, cun límite de 4.000,00 € de subvención, incluído salario e seguridade social.

A unidade xerencial deberá ter contratada, mediante un contrato laboral, a unha persoa física que desenvolverá funcións de xestión, contabilidade, dinamización comercial, información e asesoramento ás persoas comerciantes e que en ningún caso poderá ser membro da asociación nin formar parte dos seus órganos de goberno e dirección nin formar parte dos órganos de goberno, dirección ou xerencia de ningunha outra asociación ou federación de comerciantes beneficiaria dalgunha das axudas postas en marcha pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo durante os anos 2023 e 2024.

Só serán subvencionables por este concepto aqueles proxectos que inclúan, como mínimo, dúas actuacións das previstas na letra b).

2. Gastos e actuacións non subvencionables:

Con carácter xeral, non se considerarán subvencionables :

- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda, segundo o artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- As actuacións ou, no seu caso, os gastos asociados a actuacións que non inclúan a publicidade do financiamento do proxecto pola Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 20 e 21 destas bases reguladoras.
- Aqueles investimentos non incluídos na solicitude (anexo II e memoria) ou dos que non se presente a documentación económica completa de acordo co establecido no artigo 10 destas bases reguladoras.
- Os gastos concertados con entidades ou persoas vinculadas ao persoal xestor ou, no seu caso, aos órganos directivos de acordo co establecido no artigo 22 destas bases reguladoras.
- Os custos de adquisición de investimentos ou os gastos subvencionables superiores ao valor de mercado.

Así mesmo, non se considerarán subvencionables:

- a) Respecto da dinamización comercial e a incentivación do consumo:

- As campañas de dinamización, promoción ou calquera outra actuación que teñan exclusivamente por finalidade o patrocinio, a colaboración ou a axuda económica que comporten actividades lúdicas, turísticas, de exaltación gastronómica, deportivas ou similares, sen relación co fomento da actividade comercial e sen a participación directa dos/as asociados/as.
 - Os premios resultantes de sorteos ou de calquera outra combinación aleatoria.
 - A realización de cócteles e actos análogos.
 - As bolsas comerciais e packaging.
 - A edición e a publicación de revistas, xornais e medios análogos, en soporte físico ou dixital.
 - Os regalos promocionais que non leven incluída a publicidade da Xunta de Galicia nos termos establecidos nos artigos 20 e 21 destas bases reguladoras.
 - A publicidade xenérica da asociación ou das campañas dirixidas á captación de asociados.
 - Os gastos de persoal, agás o establecido no apartado 1 letra e) deste artigo.
- b) Respecto da fidelización de clientela:
- Os tickets de aparcamento en aparcadoiros públicos municipais.
 - Os tickets de aparcamento que non estean facturados directamente pola empresa de aparcamento.
- c) Respecto dos equipamentos do mercado e prazas de abastos:
- A adquisición de ordenadores, dispositivos móbiles, televisores, reprodutores de son e imaxe e terminais ou lectores de tpv.
 - A reforma, reparación, mantemento, rehabilitación ou acondicionamento das instalacións do mercado e das prazas de abastos.

Artigo 6. Actuacións subvencionables para as federacións de prazas de abastos e mercados

1. Consideraranse subvencionables as actuacións de dinamización e revitalización das prazas de abastos e mercados desenvolvidas no marco dun proxecto de incentivación da demanda comercial e do consumo no que as persoas comerciantes e consumidoras sexan as destinatarias finais.

En concreto, consideraranse actuacións subvencionables:

- a) O mantemento dos *marketplace* cun investimento máximo subvencionable de 1.500,00 €.

Os *marketplace* deben reunir as características técnicas e as condicións legais previstas no anexo VII e non estar integrados nunha plataforma conxunta ou compartida con outras entidades.

A participación nos *marketplace* dos/as praceiros/as non suporá ningún custo adicional para estes.

A totalidade dos/as praceiros/as adheridos/as ao marketplace deberán ter produtos dispoñibles e en stock actualizado para a venda.

b) A dinamización comercial a través das seguintes actuacións:

- Campañas de promoción comercial en datas ou períodos comerciais.
- Organización de eventos de promoción comercial.
- Calquera outra campaña de dinamización, animación e promoción comercial.

En todo caso, cada actividade deberá amosar a participación directa das asociacións de comerciantes integradas na entidade beneficiaria ou dos/as praceiros/as asociados/as, de ser o caso.

Os gastos subvencionables por campaña son os seguintes:

- Os servizos profesionais externos para o deseño e a posta en marcha da campaña
- O aluguer de medios técnicos (carpas e análogos, sonido e imaxe).
- Os seguros de responsabilidade civil derivados da campaña.
- A publicidade nos medios de comunicación (prensa, radio e televisión) directamente vinculada coa campaña.
- A publicidade e promoción en liña da campaña (web e redes sociais) cun investimento máximo subvencionable de 1.250,00 €.
- O material de promoción e difusión da campaña (cartelería, folletos, vídeos ou similar).
- Os regalos promocionais cun investimento máximo subvencionable de 4.000,00 €. En todo caso, os regalos promocionais deben estar asociados a unha actividade concreta de dinamización e vinculados a unha venda.

2. Gastos e actuacións non subvencionables:

Con carácter xeral, non se considerarán subvencionables :

- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda, segundo o artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- As actuacións ou, no seu caso, os gastos asociados á actuacións que non inclúan a publicidade do financiamento do proxecto pola Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 20 e 21 destas bases reguladoras.

- Aqueles investimentos non incluídos na solicitude (tanto no anexo II como na memoria) ou dos que non se presente a documentación económica completa de acordo do establecido no artigo 10 destas bases reguladoras.
- Os custos de adquisición de investimentos ou os gastos subvencionables superiores ao valor de mercado.

Así mesmo, non se considerarán subvencionables:

- As campañas de dinamización, promoción ou calquera outra actuación que teñan exclusivamente por finalidade o patrocinio, a colaboración ou a axuda económica que comporten actividades lúdicas, turísticas, de exaltación gastronómica, deportivas ou similares, sen relación co fomento da actividade comercial e sen a participación directa das asociacións de comerciantes e, no seu caso, comerciantes asociados.
- Os gastos das campañas de dinamización que sexan desenvolvidas, en todo ou en parte, polas asociacións de praceiros e subvencionadas con cargo a esta orde.
- Os premios resultantes de sorteos ou de calquera outra combinación aleatoria.
- A realización de cócteles e actos análogos.
- As bolsas comerciais e packaging.
- A edición e a publicación de revistas, xornais e medios análogos, en soporte físico ou dixital.
- Os regalos promocionais que non leven incluída a publicidade da Xunta de Galicia nos termos establecidos nos artigos 20 e 21 destas bases reguladoras.
- A publicidade xenérica da federación ou, no seu caso, asociación, así como das campañas dirixidas á captación de asociados.
- Os gastos de persoal.

Artigo 7. *Investimentos máximos subvencionables para os concellos*

Liñas de actuación			Intensidad e axuda	Investimento máximo subvencionable
Liña 1	Impulso dunha rede de Mercados Excelentes	1.1. Mercados e prazas de abastos con selo de Mercado Excelente	80 %	100.000,00 €
		1.2. Mercados e prazas de abastos sen selo de Mercado Excelente:	80 %	Fase A: 28.000,00 €

		- Actuacións fase A - Actuacións fase B		Fase B: 125.000,00 €
Liña 2	Equipamento comercial		80 %	15.000,00 €
Liña 3	Eficiencia enerxética		80 %	25.000,00 €

Os investimentos solicitados non poderán exceder do investimento máximo establecido. En caso de incumprimento, instarase á entidade solicitante para que, no prazo de dez días, reformule a súa solicitude e axuste o investimento solicitado ao establecido nas bases reguladoras coa advertencia de que, de non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude.

Artigo 8. Inversións máximas subvencionables para as asociacións de prazas de abastos e mercados

A porcentaxe da subvención acadará o 80 % do investimento máximo subvencionable, sen que en ningún caso o custo da adquisición dos gastos subvencionables poida ser superior ao valor de mercado.

O investimento máximo subvencionable é de 14.000,00 €.

O investimento solicitado non poderá exceder do investimento máximo establecido. En caso de incumprimento, instarase á entidade solicitante para que, no prazo de dez días, reformule a súa solicitude e axuste o investimento solicitado ao establecido nas bases reguladoras coa advertencia de que, de non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude.

Artigo 9. Inversións máximas subvencionables para as federacións de prazas de abastos e mercados

A porcentaxe da subvención acadará o 80 % do investimento máximo subvencionable, sen que en ningún caso o custo da adquisición dos gastos subvencionables poida ser superior ao valor de mercado.

O investimento máximo subvencionable é de 43.750,00€.

O investimento solicitado non poderá exceder do investimento máximo establecido. En caso de incumprimento, instarase á entidade solicitante para que, no prazo de dez días, reformule a súa solicitude e axuste o investimento solicitado ao establecido nas bases reguladoras coa advertencia de que, de non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude.

Artigo 10. Documentación complementaria

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude, anexo II, a seguinte documentación:

1.1. Concellos:

- a. Xustificante de atoparse ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia, de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- b. Memoria asinada explicativa dos aspectos de interese, oportunidade e necesidade do investimento e o programa de execución con especificación das datas de inicio e remate previstas, se é o caso, acompañado do orzamento desagregado de gastos para cada un deles.
- c. No caso de realización de obras, o proxecto ou memoria valorada, asinada pola persoa técnica competente, con detalle no nivel de capítulo das actuacións que se pretenden executar, que incluírá unha reportaxe fotográfica.

Orzamento desagregado, indicando unidades de obra, medición, prezos unitarios e descompostos.

- d. No caso de ter realizada a diagnose de situación e usos do mercado, a documentación xustificativa da súa realización.
- e. Anexo IV co orzamento detallado dos gastos previstos para a realización de cada unha das actividades para as cales se solicita a subvención e facturas ou, na súa falta, facturas *pro forma* das actividades ou adquisicións para as cales se solicita a subvención. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas pola entidade solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto, nin se admitirán aqueles orzamentos que non presenten a suficiente desagregación para determinar o carácter subvencionable dos conceptos relacionados nel.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:

e.1) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os que se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados pola entidade solicitante, con independencia da contía dos investimentos.

e.2) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionadas pola entidade solicitante para a realización do proxecto.

e.3) Memoria económica xustificativa da elección dos provedores, nos seguintes casos:

e.3.1) Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que como mínimo obtivo a entidade solicitante.

e.3.2) Cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo a entidade solicitante.

1.2 Asociacións e federacións de prazas de abastos e mercados:

- a. Acta e estatutos de constitución e modificacións posteriores, se é o caso, e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.
- b. Poder suficiente da persoa representante da entidade solicitante.
- c. Composición actualizada da xunta directiva da entidade solicitante.
- d. Contas anuais aprobadas pola xunta directiva da entidade solicitante nos dous últimos exercicios previos a esta orde de convocatoria.
- e. Certificado expedido pola persoa que exerza a secretaría ou representación da entidade solicitante que acredite o número dos postos existentes na praza de abastos e o número dos postos ocupados por praceiros/as asociados/as. A estes efectos, contarán como unha unidade os postos ocupados polo/a mesmo/a praceiro/a.
- f. Copia da acta da sesión na que se informe aos/ás praceiros/as asociados/as do proxecto para o cal se solicita a subvención.
- g. Memoria asinada do proxecto presentado que deberá incluír, polo menos, respecto de cada unha das actuacións para as cales se solicita a subvención:
 - A denominación da actividade.
 - A descrición individualizada, pormenorizada e detallada da actividade con indicación dos seus obxectivos xerais e específicos.
 - A localización e datas previstas para a súa realización.
 - O número e características dos/as participantes e beneficiarios/as.

- O orzamento total do investimento con indicación das fontes de financiamento e, no seu caso, a porcentaxe e contías aportadas por cada unha das partes.
 - O orzamento desagregado e detallado do investimento solicitado coa relación das facturas ou, na súa falta, facturas *pro forma* dos gastos que se imputan a cada unha das actividades, con identificación do número de orde e concepto segundo o anexo IV.
- h. Anexo IV co orzamento detallado dos gastos previstos para a realización de cada unha das actividades para as cales se solicita a subvención e facturas ou, na súa falta, facturas *pro forma* das actividades ou adquisicións para as cales se solicita a subvención. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas pola entidade solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto, nin se admitirán aqueles orzamentos que non presenten a suficiente desagregación para determinar o carácter subvencionable dos conceptos relacionados nel.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:

- h.1) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os que se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados pola entidade solicitante, con independencia da contía dos investimentos.
- h.2) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionadas pola entidade solicitante para a realización do proxecto.
- h.3) Memoria económica xustificativa da elección dos provedores, nos seguintes casos:
 - h.3.1) Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que como mínimo obtivo a entidade solicitante.

h.3.2) Cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo a entidade solicitante.

- i. No seu caso, copia do contrato da persoa xerente e currículo. No caso de imputar gastos de seguridade social da persoa xerente, documento RNT, relación de liquidación de cotizacións e documento RLC.
 - j. Informe da mesa local de comercio sobre o proxecto de dinamización comercial obxecto da solicitude da subvención de conformidade co disposto no artigo 3.b) do Decreto 183/2011, do 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais de comercio ou, no seu caso, a solicitude do dito informe dentro do prazo de presentación de solicitudes.
2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.
De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á entidade interesada a súa achega.
 3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.
 4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.
6. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a. DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- b. NIF da entidade solicitante.
- c. Certificado de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- d. Certificado de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral de Seguridade Social.
- e. Certificado de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Atriga.
- f. Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- g. Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- h. Consulta de concesións pola regra de mínimos.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario que corresponda e achegar os documentos pertinentes. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. *Pagamento anticipado*

1. As entidades beneficiarias poderán solicitar, no prazo de dez días hábiles dende a notificación da concesión da subvención, o pagamento anticipado, que suporá entregas de fondos con carácter previo á xustificación como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención de ata un 50 % da subvención concedida, coa obriga de constituír garantía no caso de subvencións superiores a 18.000,00 € nos termos previstos a continuación.

2. A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación previsto nas bases reguladoras ou na convocatoria.

A garantía deberá cubrir o 110 % do importe das cantidades abonadas a conta ou das cantidades anticipadas calquera que sexa o prazo de xustificación previsto na convocatoria.

Unicamente serán admisibles as garantías presentadas por terceiros cando a persoa fiadora preste fianza con carácter solidario, renunciando expresamente ao dereito de excusión.

A persoa avalista ou aseguradora será considerada parte interesada nos procedementos que afecten directamente á garantía prestada nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A garantía deberá constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas súas sucursais, situadas nas delegacións territoriais da consellería competente en materia de facenda.

3. Os concellos beneficiarios quedarán exonerados da constitución de garantía conforme ao establecido no apartado c) do artigo 65.4 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

4. As entidades interesadas deberán achegar xunto coa solicitude de anticipo, anexo VI, a declaración doutras axudas, anexo III, debidamente asinadas e no caso de que a subvención concedida sexa superior a 18.000,00 € deberán achegar, ademais, o resgardo orixinal do depósito da garantía na Caixa Xeral de Depósitos.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada do órgano correspondente.

En ningún caso poderán realizarse pagamentos anticipados a entidades beneficiarias cando solicitaran a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se atopen declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estean suxeitas a intervención xudicial ou sexan inhabilitadas conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que houbera concluído o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Artigo 13. Órganos competentes

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, así como para realizar a proposta de resolución, correspondéndolle á persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditar a resolución que corresponda, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

Artigo 14. Instrución dos procedementos

1. As axudas concederanse baixo o réxime de concorrencia non competitiva xa que polo seu obxecto non é preciso realizar unha comparación e determinar unha orde de prelación entre as entidades solicitantes. De acordo co establecido nos artigos 19.2 e 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano competente para a tramitación do procedemento instruirá os expedientes seguindo rigorosamente a orde de presentación das solicitudes e concederá a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito a todas aquelas entidades beneficiarias que cumpran cos requisitos.

2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase á entidade interesada para que, no prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistida da súa solicitude, logo da correspondente resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 11.1 destas bases reguladoras resulta que a entidade solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co estado, coa comunidade autónoma ou coa Seguridade Social, ou no suposto de que sexa necesario achegar calquera outra documentación, logo de aplicarse o disposto na letra d) do artigo 53.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, o órgano instrutor poderá realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución e poderá requirir á entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases reguladoras ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á

disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase a ditar a resolución de inadmisión e arquivo das solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido no artigo 3 da orde de convocatoria.

Artigo 15. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ás entidades interesadas para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e as xustificacións que consideren pertinentes.
2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polas entidades interesadas.

Artigo 16. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución que será elevada á persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
2. A persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

A dita resolución será publicada na web da consellería e notificada individualmente ás persoas beneficiarias, de acordo co establecido na Lei 39/2015. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 45.1b) da mesma lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás entidades interesadas será de catro meses contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, as entidades interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Todas as resolucións notificaranse de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Nas notificacións comunicárase o importe previsto da axuda, expresado en equivalente bruto de subvención, e o seu carácter de axuda *de minimis* en aplicación do Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *minimis* (DOUE 15.12.2023, Serie L).

5. As resolucións de inadmisión ou desestimación de solicitudes notificaranse individualmente con indicación das súas causas. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* coa indicación de que as entidades non beneficiarias consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 17. Réxime de recursos

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta é expresa. Se a resolución non é expresa, a entidade solicitante e outras posibles persoas interesadas poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que a resolución debería ter sido ditada.
- b) Recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 18. Modificación da resolución

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da subvención poderá acordar a modificación da resolución por instancia da entidade beneficiaria, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

c) Que non concorran requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tiveron lugar con posterioridade a ela.

d) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supoñan a denegación da axuda ou subvención.

3. A entidade beneficiaria deberá solicitar a modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, cun límite de 2 meses antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento subvencionado, sen prexuízo do disposto no artigo 59 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo órgano concedente despois da instrución do correspondente expediente, en que se dará audiencia ás entidades interesadas na forma prevista no artigo 15 destas bases reguladoras.

Artigo 19. Renuncia

A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

Artigo 20. Obrigas das entidades beneficiarias

Son obrigas das entidades beneficiarias:

- a. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou o desfrute da subvención.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente ou a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal achegarán tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- d. Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, especificando aquelas axudas de minimis obtidas, para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo ao que fai referencia o artigo 1 destas bases reguladoras. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e. Acreditar con anterioridade á proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f. Manter os investimentos subvencionados coa axuda outorgada e a aplicación dos fondos recibidos durante un período de cinco anos dende a súa concesión.
- g. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso.
- h. Adoptar as medidas de difusión contidas no número 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da dita lei e no artigo 21 destas bases reguladoras.
- i. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- j. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- k. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou a entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Artigo 21. Obrigas específicas de publicidade

1. As entidades beneficiarias deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En concreto, as entidades beneficiarias deberán facer constar a cofinanciación da Xunta de Galicia en todas as actuacións, actividades e materiais que formen parte do proxecto financiado ao abeiro desta orde de axudas, coa inserción da imaxe corporativa institucional básica da Xunta de Galicia de conformidade co establecido do Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma como na súa duración.

No caso dos concellos, unha vez rematado o investimento deberá instalarse unha placa explicativa, acorde coa tipoloxía e natureza do investimento, que inclúa a imaxe corporativa da Xunta de Galicia segundo o modelo do anexo VIII.

Así mesmo, no inicio das actuacións de difusión-asesoramento-formación incluídas no proxecto, deberán ser comunicadas con antelación á Dirección Xeral de Comercio e Consumo para garantir, no seu caso, a presenza dunha persoa representante da Xunta de Galicia.

2. O incumprimento desta obriga de publicidade producirá a perda do dereito ao cobramento total da subvención, así como o reintegro total das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención, incluíndo a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Artigo 22. Subcontratación

1. Enténdese que o beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúa o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Para os efectos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, permitirase a subcontratación do cen por cen das actividades subvencionadas.

2. Na xestión da contratación, as entidades locais, pola súa natureza xurídica, están sometidas ao ámbito subxectivo delimitado pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que deberá respectar en todo caso as prescricións desa lei para os procedementos

de contratación subvencionados por esta orde de axudas.

Será responsabilidade da entidade local beneficiaria o cumprimento da citada normativa de contratación pública, podendo o seu incumprimento dar lugar á perda do dereito ao cobro total ou parcial e demais responsabilidades previstas na normativa de subvencións públicas.

3. Será de aplicación o disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Faise especial indicación de que as persoas ou entidades subcontratadas non poderán estar vinculadas coa entidade solicitante, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- b) Que se solicite e conceda a súa previa autorización (a solicitude de autorización e a súa xustificación presentaranse xunto coa solicitude de subvención).

Artigo 23. Xustificación da subvención

1. O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación, na forma sinalada no artigo 3 da convocatoria e ata o 15 de novembro de 2024, da seguinte documentación:

1.1. Concellos:

- a) Memoria asinada explicativa de cada unha das actuacións realizadas, que deberá incluír o orzamento desagregado e detallado do investimento realizado.
- b) Xustificantes dos investimentos: os gastos xustificaranse mediante a presentación das facturas dos provedores, que deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as obrigas de facturación, e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa.

Cando a entidade beneficiaria non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá aportar unha copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente.

As facturas deberán estar emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto e identificadas segundo o disposto no anexo V.

c) Xustificación dos pagamentos: acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través de internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da devandita entidade bancaria.

d) Anexo III declaración doutras axudas, debidamente asinado.

e) Evidencia documental do cumprimento das obrigas en materia de información e publicidade (fotografías de carteis e placas) e da realización das actuacións de dinamización e publicidade e, se é o caso, a súa axeitada difusión a través da páxina web.

f) En caso de investimentos materiais:

- Se é o caso, proxecto técnico ou memoria técnica definitiva asinados, documentos que non poderán variar substancialmente da memoria presentada coa solicitude, todo isto agás que a devandita documentación se achegara con anterioridade.

- Material fotográfico das actuacións realizadas.

g) En caso de diagnose de situación e uso do mercado, copia do documento resultante do traballo.

h) Nos demais casos, certificación acreditativa do investimento ou da adquisición dos equipamentos.

i) Certificación do órgano que ten atribuídas as facultades de control da legalidade, acreditativa do cumprimento da normativa de contratación pública vixente na tramitación do procedemento de contratación.

j) Certificación da intervención respecto da achega municipal comprometida para financiar o investimento.

k) Conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona nos parágrafos seguintes e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.

A conta xustificativa conterá:

1º.- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

a) O cumprimento da finalidade da subvención

b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Sen prexuízo do previsto na letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, non será exigible a remisión na conta xustificativa dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2º.- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e /ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

3º.- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.

l) No caso de realización de actividades formativas, contido detallado do programa ou servizo, a súa duración, a relación de poñentes e o número e identificación das persoas participantes.

m) De ser o caso, os tres orzamentos exixidos de conformidade co previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

n) Calquera outro documento que se requira na resolución de concesión da axuda.

1.2. Federacións e asociacións de prazas de abastos:

a) Memoria asinada xustificativa do cumprimento do proxecto de dinamización e incentivación do consumo que deberá incluír, a lo menos, respecto a cada unha das actuacións realizadas:

- A denominación da actuación.

- A descrición individualizada, pormenorizada e detallada da actuación realizada con indicación da valoración dos resultados obtidos segundo os obxectivos xerais e específicos sinalados na memoria da solicitude.

- A localización e datas da súa realización.

- O número e características dos/as participantes e beneficiarios/as .

- O orzamento total do investimento con indicación das fontes de financiamento e, no seu caso, a porcentaxe e contías aportadas por cada unha das partes.
- O orzamento desagregado e detallado do investimento realizado coa relación das facturas dos gastos que se imputan a cada unha das actividades (con identificación do número de orde e concepto segundo o anexo V).

b) Xustificantes dos investimentos:

Os gastos xustificaranse mediante a presentación das facturas dos provedores, que deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as obrigas de facturación, e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa.

Cando a entidade beneficiaria non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá achegar unha copia dos documentos orixinais en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente.

As facturas deberán estar emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto. Xuntarase relación nominativa de facturas, agrupadas e ordenadas por actuacións subvencionables, facendo constar para cada documento o seu número de orde, que deberá coincidir coa da relación enviada xunto coa solicitude, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pagamento, segundo o anexo V.

A xustificación dos pagamentos acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

c) Para as actuacións de dinamización e fidelización, material fotográfico que evidencie a realización de cada unha das actividades segundo a descrición da memoria e que amose, de forma clara e inequívoca, o cumprimento das obrigas de publicidade do financiamento do proxecto de acordo co establecido nos artigos 20.h) e 21 destas bases reguladoras.

No caso de publicidade en medios de comunicación achegarase un dossier coa dita publicidade nos medios escritos e un certificado das emisións nos medios radiofónicos e audiovisuais asociadas a cada campaña. No caso de publicidade en redes sociais achegarase capturas de pantalla onde se evidencia a dita publicidade.

d) Certificación, do órgano que teña atribuídas as facultades, da aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos.

e) Anexo III coa declaración actualizada do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Farase mención expresa de calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os tres anos previos, así como a declaración da entidade solicitante de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Anexo III coa declaración responsable de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.

g) Certificacións expedidas polos organismos competentes acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda por ningún concepto coa Atriga, no caso que a entidade solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

h) De ser o caso, os tres orzamentos exixidos de conformidade co previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As ofertas presentadas e os provedores elixidos supoñen unha documentación vinculante para o desenvolvemento do proxecto da entidade beneficiaria, agás por causa debidamente xustificada non imputable á entidade solicitante.

5. Transcorrido o prazo indicado sen que a entidade beneficiaria presente a documentación solicitada, aplicarase o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Os órganos competentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non sexan remitidos pola entidade beneficiaria dentro do prazo que se sinala, poderá entenderse que renuncia á axuda.

Artigo 24. *Pagamento*

Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

Nas subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do

investimento polo órgano concedente e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto pola persoa representante da administración como pola persoa beneficiaria, conforme ao artigo 30 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O libramento da subvención aboarase nun único pagamento mediante transferencia bancaria ao número de conta designado pola entidade beneficiaria.

As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución da concesión, sempre que estea garantida a consecución do obxecto. En caso de concorrencia con outras subvencións ou axudas observarase o establecido no artigo 2 destas bases reguladoras.

Artigo 25. Incumprimento, reintegros e sancións

1. Nos supostos de falta de xustificación, de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou de incumprimento dos deberes contidos nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención, incluíndo a data en que se acorde a orixe do reintegro.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, deberá reintegrarse o total da cantidade percibida cando o cumprimento non acade o 60 % do investimento subvencionado.

4. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases reguladoras seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título VI do seu regulamento.

Artigo 26. Control

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

Alén do anterior, a subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 27. Publicidade

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, a entidade beneficiaria, o crédito orzamentario, a contía e a finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando o importe das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexa de contía inferior a 3.000,00 € non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Artigo 28. Remisión normativa

Para todo o non previsto nestas bases reguladoras aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; na lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vixente na anualidade; no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *minimis* e no resto de normativa que resulte de aplicación.

ANEXO VII

Características para o desenvolvemento de marketplaces

1.- Características xerais do marketplace

1. Desenvolvemento propio de marketplace en propiedade con programación a medida ou cun software de xestor especializado en marketplace ou con soporte multitenda nativo, non baseado en plugins.
2. O deseño deberá adaptarse a múltiples dispositivos, resolucións e pantallas e permitir unha visualización correcta desde todos eles.
3. O peso das imaxes debe ser inferior a 350KB e a resolución máxima será de 72 dpi.
4. As páxinas deberán contar con optimización para SEO, incluíndo especificamente:
 - a. Configuración das metaetiquetas de título e descrición segundo ás boas prácticas establecidas polos buscadores.
 - b. Arquivo robots.txt optimizado e mapa do sitio sitemap.xml.
 - c. Que non existan ligazóns rotas ou erros 404 ou 500.
 - d. No caso dunha web multiidioma contar coas etiquetas canonical correspondentes.
 - e. As imaxes deberán ter o atributo descritivo Alt.
 - f. Non poderá existir contido duplicado.
5. Dispor dun carro da compra no que poder realizala.
6. Incorporar unha pasarela de pagamentos para finalizar as compras de xeito completamente en liña.
7. Os prezos e información sobre envíos teñen que ser correctamente configurados e indicados de acordo co contrato que teña a/o propietaria/o do marketplace coa/s empresa/s de servizo de mensaxería.
8. Que exista unha páxina específica para a/o comerciante dentro do marketplace.
9. Que estea visible para a/o compradora/o final a información de contacto da/o vendedora/o para poder executar os seus dereitos de consumo e protección de datos,

engadidos enlaces a redes sociais, páxina web (se dispón dela) e o listado de produtos ofertados por esa/e vendedora/o.

10. As/os comerciantes deberán dispor dun panel de control desde o que xestionar as súas vendas e obter información e estatísticas das vendas realizadas.

2.- Características das fichas de produto

- Facilitar un tutorial ás/os comerciantes para que poidan crear eles mesmos as fichas de produto e que estas cumpran cos seguintes requisitos:
- O peso das imaxes debe ser inferior a 350KB e a resolución máxima será de 72 dpi.
- Descrición dos produtos de polo menos 300 palabras.
- Mínimo de 2 imaxes por produto, agás para aqueles que pola súa natureza non procedan das imaxes, como o caso de produtos dixitais ou cursos.
- Estar organizados por categorías e etiquetas.

3.- Características do aloxamento

- g) A/o propietaria/o do marketplace debe dispor de acceso ao aloxamento no hosting ou servidor no que estea situada/o.
- h) Aloxamento web dentro da Unión Europea.
- i) Aloxamento web que permita unha velocidade de carga acorde cos requisitos actuais de Google.
- j) Contar con certificado seguro SSL para o marketplace (https).

4.- Condicións legais

- Cumprir con toda a lexislación vixente xeral e en materia de consumo.
- Engadir a información legal en materia de consumo accesible, completa e doada de atopar (prezos, envíos, devolucións, reclamacións, etc.)
- Os prezos deben estar indicados segundo unidade de medida (prezo por kg, prezo por litro...), e debe especificarse se os impostos están engadidos ou non.

- Dispor dunha páxina co aviso legal, identificando á/o responsable da explotación do marketplace e conforme á lexislación vixente.
- As cookies cuxa instalación automática non está permitida por lei, non poderán instalarse sen o permiso expreso da/o usuaria/o da web.
- Dispor dunha páxina coa información de privacidade segundo a lexislación vixente.
- Incorporar calquera outra páxina con información legal que sexa necesaria para cumprir coa lexislación vixente no momento da creación do marketplace.

ANEXO VIII

Modelo de cartel

1/2 a

1/2 a

a

1/2 a

1/2 a

1/2 a

XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO ACTUACIÓN
(MÁXIMO 2 LIÑAS)

Subvencións para o impulso dunha rede de Mercados
Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das
prazas de abastos (IN223A)

Orzamento subvencionable (€):

Subvención concedida (€):

LOGO CONCELLO
(OPCIONAL)

Características:

1. Dimensións mínimas:

Alto: 157,5 cm.

Ancho: 210 cm.

2. Materiais:

Empregaranse lamas de chapa de aceiro galvanizado de 1,2 mm de espesor e de 17,50 cm de altura. Para obras de investimento inferior a 50.000,00 € non será preciso o uso de aceiro galvanizado.

3. Texto:

Empregarase a tipografía Xunta Sans en cor branca con referencia pantone white/RGB 255,255,255 sobre un fondo azul, pantone 7461 C/RGB 0,123,196.

O título da actuación non superará as dúas liñas e a altura do texto non será superior a 2/3 da altura do texto do logotipo da Xunta de Galicia. O tamaño de texto recomendado é 235 pt.

Os datos da obra terán unha altura de texto non superior a 1/2 da altura do título. O tamaño de texto recomendado é 110 pt.

4. Logos e marxes:

O logo Xunta de Galicia ocupará o ancho do soporte cunha marxe ao seu redor da metade do ancho do escudo.

A altura do logo do concello será, como máximo, o 60 % da altura do logo Xunta de Galicia.

5. Datos do orzamento e da subvención:

Os datos do orzamento subvencionable e da subvención concedida serán os indicados na notificación de concesión da subvención.